

TRADUCIÓN:

4ª CONXUGACIÓN: -IRE

audío, īvi/ii, itum, “escoitar, ouvir””. Presente de Indicativo Activo.

1 S	-o	<i>aud-io</i>
2 S	-s	<i>aud-is</i>
3 S	-t	<i>aud-it</i>
1 P	-mus	<i>aud-imus</i>
2 P	-tis	<i>aud-itis</i>
3 P	-nt	<i>aud-iunt</i> ¹¹

*Custodio*: custodio, guardo.*Punio*: castigo.*Dormio*: durmo*Venio*: veño.*Invenio*: atopo, acho, encontro.

EXERCICIOS

1. PALABRAS DERIVADAS NO CASTELÁN OU GALEGO DE:

<i>Custodio</i>	
<i>Dormio</i>	
<i>Audio</i>	
<i>Invenio</i>	
<i>Punio</i>	

2. CAMBIA DO SINGULAR AO PLURAL OU VICE VERSA, MANTENDO A MESMA PERSOA, E TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

<i>Invenis</i>		
<i>Auditt</i>		
<i>Custodimus</i>		
<i>Puniunt</i>		
<i>Venitis</i>		

¹¹ N.B.: No presente, este verbo imita á 2ª conxugación en tanto conserva a vogal temática antes das terminacións e, igual que na 3ª conxugación, presenta unha terminación *-unt* (só que, neste caso, mantén a vogal temática).

3. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

De + Ab.: sobre; desde; de.

<i>nuntius puerum in horto invenit</i>	
<i>dei Romam nunc puniunt.</i>	
<i>verba deorum audimus</i>	
<i>viri et feminae insulam armis custodiunt</i>	
<i>puella in villam venit. epistulam portat.</i>	

4. TRADUCE AO LATÍN

As nenas durmen no templo	
Os nenos non escoitan ao escravo	
O señor chega á casa (<i>in</i> + Acc.) coas escravas	
Custodiamos Roma con espadas.	
Na illa o mensaxeiro atopa unha casa.	

INFINITIVO

O infinitivo ten, como será en castelán, a terminación -re

1ª Port-**are** 2ª Mon-**ēre** 3ª Trah-**ĕre** 4ª Aud-**ire**

Excepcionalmente, o verbo **sum** ten como infinitivo **esse**.

Para procurar un verbo no dicionario, como sabemos, atoparemos en primeiro lugar a 1ª persoa de singular do presente de indicativo activo. En case todos os dicionarios, a segunda información que vén é o infinitivo, porque nos di a que conxugación pertence.

Terminacións	Presente	Infinitivo
1ª conxugación	-o	-are
2ª conxugación	-eo	-ere
3ª conxugación	-o	-ere
4ª conxugación	-io	-ire

1. INFINITIVO DESTES VERBOS EN 1S PRESENTE DE INDICATIVO ACTIVO:

<i>Habeo</i>		<i>Mitto</i>	
<i>Voco</i>		<i>Invenio</i>	
<i>Bibo</i>		<i>Terreo</i>	
<i>Punio</i>		<i>Duco</i>	
<i>Saluto</i>		<i>Clamo</i>	

O infinitivo ten características particulares:

- a) É unha forma **non persoal** do verbo (non ten 1, 2 nin 3 persoa)
- b) Expresa **tempo** e **voz**: hai infinitivo pasado, presente e futuro na voz activa e pasiva.
 - a. Tempo presente: indica **simultaneidade** co verbo principal.
 - b. Tempo pasado: indica **anterioridade** ao verbo principal.
 - c. Tempo futuro: indica **posterioridade** ao verbo principal.

Polo de agora só imos traballar co infinitivo de presente, pero é interesante ter o concepto temporal do infinitivo claro.

- c) Como verbo, ten suxeito:
 - a. Sen suxeito propio: o suxeito é o mesmo que o da oración co verbo conxugado. E.g.: *scribere amamus* “amamos (nós) escribir (nós)”. A tradución é como **infinitivo**.
 - b. Con suxeito propio: irá en caso **Acusativo**. E.g. *servos sedere iubemus* “mandamos (nós) sentar aos escravos/mandamos (nós) que os escravos (eles) se sentasen”. A tradución é con subordinada completiva: **que** + suxeito + verbo.
- d) Como verbo, pode levar complementos: e.g. *amamus in villam venire* “amamos vir á casa”.

O verbo en infinitivo pode acompañar a outro verbo conxugado como oración **subordinada** completiva de infinitivo. A función da oración subordinada completa substituiría a un substantivo con función de, sobre todo, **Complemento Directo** (Acc.) e, en ocasións, de **Suxeito** (Nom.).

2. TRADUCE AO GALEGO OU CASTELÁN:

<i>feminae ancillas in hortum venire iubent</i>	
<i>nuntii ad insulam navigare timent</i>	
<i>in horto cum amicis sedere amamus</i>	
<i>dominus servos cibum parare iubet</i>	
<i>libros legere et epistulas scribere amo</i>	

3. TRADUCE AO LATÍN

Os escravos aman beber viño	
A nena teme camiñar dentro do templo	
Ordeno á escrava guardar o diñeiro	
Gústavos camiñar polos campos (<i>per</i> + Acc.)	
Ordenamos que os rapaces levaran o regalo/ agasallo á casa.	